

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ADXUDICA DEFINITIVAMENTE O CONTRATO DE SEGURO PRIVADO DE ASISTENCIA SANITARIA A NIVEL NACIONAL E INTERNACIONAL, E DE ASISTENCIA ODONTOLÓXICA PARA O CADRO DE PERSOAL DA FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA

Con data 30 de xuño de 2009 comunicouse á empresa Compañía de Seguros Adeslas, S.A., a Resolución do órgano de contratación da mesma data pola que se acordaba a adxudicación provisional do contrato de seguro privado de asistencia sanitaria a nivel nacional e internacional, e odontolóxica para o cadro de persoal da Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (en diante FUNDACIÓN CESGA), a favor súa, e se lle requiría para que aportara a documentación enunciada na cláusula 10.1 do prego de condicións que rexeron a contratación.

A empresa adxudicataria presentou en tempo e forma toda a documentación requirida.

En cumprimento do disposto na cláusula 10.2 do prego de condicións, e de conformidade coas facultadas que me confiren os Estatutos da FUNDACIÓN CESGA,

ACORDO:

Primeiro.- Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de seguro privado de asistencia sanitaria a nivel nacional e internacional, e de asistencia odontolóxica para o cadro de persoal da FUNDACIÓN CESGA, á empresa Compañía de Seguros Adeslas, S.A., titular do CIF A 40001430, polo importe (cota mensual por beneficiario) de CORENTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (42,50 €).

Segundo.- Requerir ao adxudicatario para a formalización do contrato dentro do prazo de dez (10) días hábiles dende a comunicación da presente resolución, ao que uniráselle, formando parte integrante do mesmo, a oferta do adxudicatario (conformando o Anexo I) e un exemplar dos pregos de condicións e de prescricións técnicas que rexeron o procedemento de contratación (conformando o Anexo II), debidamente asinados polo contratista.

Terceiro.- Poñer a disposición dos licitadores non adxudicatarios a documentación que xuntaban as súas proposicións.

Cuarto.- Publicar no perfil do contratante da páxina web da FUNDACIÓN CESGA a información sobre a adxudicación do contrato, en cumprimento do disposto no artigo 10.3 da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas da Administración Pública galega.

En Santiago de Compostela, a 6 de xullo de 2009



**O Director-Xerente da Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia – FUNDACIÓN CESGA-
Asdo.: D. Javier García Tobío**